

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO CONCELLO
PLENO EN DATA 30 DE SETEMBRO DE 2008.-**

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
D. José Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

D^a M^a Carmen Silvar Canosa.
D. Manuel López Rodríguez.
D^a Amalia García Balado.
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.
D. José Antonio López Rodríguez.
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo.
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín
D. Edgar Antonio Vigo López (se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta).
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente.
D. Juan José Franco Casal.
D^a M^a Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dez horas e oito minutos do día trinta de setembro de dous mil oito, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria urxente, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as D^a M^a Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D^a Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D^a Rita María Couto Seijido, D^a Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Edgar Antonio Vigo López (quen se incorpora á sesión no momento que se expresa na presente acta), Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D^a Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M^a Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Non asiste á sesión o Concelleiro Don Antón Lois Noceda Carballo.

Non asiste:

D. Antón Lois Noceda Carballo.

Asiste á sesión a Interventora municipal D^a Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria D^a Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora:

D^a Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Secretaria:

D^a Pilar María Pastor Novo.

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA.

Seguidamente intervéñ o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que a urxencia da convocatoria ven motivada polos prazos establecidos pola Deputación provincial para a remisión dos proxectos a incluír nesta anualidade do Plan de cooperación cos concellos.

De seguido pola Presidencia sométese a votación ordinaria a urxencia sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as presentes.

2º.- PROPOSTA RELATIVA AO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, ANUALIDADE 2008-2009.-

Seguidamente dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 29 de setembro de 2008 que transcrita literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA:

Vista a Circular para elaborar o Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 remitida pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña (entrada 06-06-2006 núm. rexistro 6096), no que tamén indican que a data límite para a presentación de proxectos e acordos remata o 30 de Setembro de 2008.

Vistos os proxectos técnicos das obras redactados polo Enxeñeiro de Camiños Don Marcelino López Méndez:

- RENOVAÇÃO DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA DA AVDA. NATURAIS E A RÚA DA FRAGA.

PROPONSE A O PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO.

1º.- Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidade 2008-2009, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación e anualidade	Orzamento TOTAL	Achega Municipal	Achega Provincial
ANUALIDADE 2008:	0.00	0.00	0.00
ANUALIDADE 2009: RENOVAÇÃO DAS REDES DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA AVDA. NATURAIS E A RÚA DA FRAGA.	195.587,19	29.338,07	166.149,12
TOTAL	195.587,19	29.338,07	166.149,12

2º.- Aprobar os correspondentes proxectos técnicos.

3º.- Adoptar o compromiso de relizar as actuacións pertinentes en orde a obter a total dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras así como para obter as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4º.- Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

5º.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

7º.- Facultar expresamente ao Sr. Alcalde-Presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.”

Aberto o debate pide o uso da palabra o Sr. José Antonio López Rodríguez quen, unha vez concedido manifesta que tráese hoxe a pleno un proxecto que se chama renovación das redes de abastecemento de auga na Avda. Naturais e a Rúa da Fraga, e que este proxecto sae da subvención da Excm. Deputación provincial dentro do Plan de cooperación cos concellos; que se trata dunha subvención para catro anos de 2008 ao 2011 e no que hai cincocentos noventa e sete mil euros para investir; di que neste primeiro ano, anualidade 2008-2009 hai estas obras por un valor de 195.587,19 euros, do que o concello aportará o 5% e que se inclúen estas obras porque non se podían incluír no POS xa que é a renovación dunha liña xa existente e non creación dunha nova, polo que as inclúen neste plan. Continúa dicindo que o proxecto ven con informe do enxeñeiro municipal e non ven con informe de Secretaría porque segundo as bases da subvención simplemente de Secretaría se require certificación do acordo plenario; di que se elixen estas obras porque faloron con Aquagest e xurdiron tres obras; que se inclúen, as de renovación das redes de fibrocemento por polietileno e quedaría unha terceira que é a rede da Porta do Sol que queda para máis adiante, porque nestes momentos o Sr. Alcalde está negociando con Fomento o facer as beirarrúas nese tramo e xa iría incluída nesta obra co que se aforrarián uns douscentos mil euros. Remata a súa intervención o Sr. José Antonio López Rodríguez dicindo que quere pedir excusas por non poder levar á comisión informativa o asunto porque se votaron os prazos enriba e por iso convocaron o venres á xunta de voceiros.

Seguidamente intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que lle gustaría engadir que tanto na Avda. Naturais como na Rúa da Fraga as canalizacións son das máis antigas que ten o Concello neste momento e que ademáis están feitas con fibrocemento que é un material que nestes momentos está incluso prohibido para a construción deste tipo de canalizacións pola súa perigosidade para a saúde, e que ese motivo desde hai tempo vense vendo a necesidade de renovar esta rede que todos saben que está rebentando constantemente e que está sendo froito de parcheados e reposicións constantemente; di que ademáis son obras que non se poden incluír nun POS porque se trata de reposición de redes xa existentes, polo que a única vía de financiamento, agás os recursos propios do Concello, é incluíla neste plan que si permite a renovación de canalizacións de auga que xa existan, polo que óptase por isto e non por obras que poderían ir para extensión de redes de saneamento e abastecemento noutras zonas do Concello.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal quen, unha vez concedido, manifesta que para eles todas as obras que se fagan lle parecen ben, pero que o que veñen dicindo, e o teñen que repetir, porque vense reiterando de forma continuada, é que non é normal que non cheguen os proxectos con tempo suficiente, xa que eles os viron onte ás cinco da tarde e, lóxicamente, non son técnicos nin van dar opinións técnicas pero, se ao mellor ese proxecto estivese entregado coa antelación suficiente, poderían ter botado man dun técnico que lles podería asesorar sobre as virtudes e inconvenientes do mesmo.

(Incorpórase á sesión o Concelleiro Don Edgar Antonio Vigo López).

Continúa a súa intervención o Sr. Galego Feal e di que sempre están no mesmo, tarde, mal e arrastro, e pregunta se non hai posibilidade de que dunha vez por todas se empecen a

planificar as cousas; di que ao mellor o que conviña, xa que estase a falar tanto de participación á cidadanía, e que un proxecto tan importante que vai ter os seus inconvenientes, porque non hai máis que ler o informe do técnico, estivera e poidera ser examinado tanto polos grupos políticos como polos propios veciños e afectados para poder realizar algún tipo de suxestión a un proxecto de tanta importancia; di que nin sequera existe informe preceptivo de Aquagest, e que ademáis fala o técnico de que a substitución agora vaise facer cunha menor sección e que para manter a presión de momento vale pero ao mellor para o futuro non vale e volveríase a ter que levantar a rede outra vez se os consumos se elevaran de xeito importante. Continúa dicindo que tamén hai unha serie de inconvenientes á hora de executar este proxecto, tanto polas árbores como polas outras redes de servizo que discorren por cada unha das beirarrúas; que o propio técnico fala dos imprevistos, e pregunta quen vai pagar os imprevistos, porque van romper conduccións; que van votar a favor pero que esta non é a forma de traballar nin de facer, nin para eles nin para ninguén; que pide que este tipo de proxectos se traian con tempo e que se lles permita examinalos; que aínda que non son técnicos poden votar man deles e, ao mellor, propoñer unha serie de melloras nos mesmos; que fanse a toda presa porque hai que encargalos e se encargan a empresas, gastando cartos en proxectos de asesoramento e de obras que, ao mellor, poderían facer os técnicos municipais ou os de Aquagest, polo que esa présa é a que están a denunciar sempre, e volven e rogar que estes proxectos non se traian así a pleno.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que respecto á présa non se vai estender máis do que dixo o voceiro do PP e que isto hai que melloralo; di que vai votar a favor porque son obras necesarias e que isto tamén o avala o informe técnico cunha serie de consideracións; que se houbera máis tempo poderíase preguntar algunha cousa máis; que é unha rede viaria cuxos inconvenientes é de todos coñecidos. Remata a súa intervención dicindo que roga que estas cousas non volvan a suceder porque non é só con estas, xa que está pasando con moitas obras.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido manifesta que primeiramente quere darlle as grazas ao delegado de obras e presidente da comisión informativa por as escusas pedidas, porque para eles o axeitado houbera sido para tratar este tipo de plans na comisión informativa cuns prazos prudenciais que permitan a participación de tódolos grupos, e máis cando un plan é a catro anos, polo que se poden planificar unha serie de actuacións por acordo de todos, e que ademáis, desde o BNG sempre que puideron o intentaron facer así; di que é unha boa forma que plans como este que vai ser a catro anos e onde se van investir máis de cen millóns das antigas pesetas no Concello, sexan aqueles investimentos que indica o plan pero que ademáis sexan unhas necesidades participadas por todos; que en canto ás obras en sí mesmas coincide cos demais membros da Corporación, xa que son obras fundamentais pero que quere indicar a necesidade de planificar o resto do PCC así como outro tipo de plans, planificalos a medio prazo, cunha serie de priorización das obras e incluso cun contraste social das mesmas previo á súa aprobación.

(Auséntase do salón de sesións a Concelleira Dona Rocio Aurora Bértoa Puente).

Continúa o Sr. Polo Gundín a súa intervención e manifesta que como hoxe é o último día de prazo non queda máis remedio que aprobar a urxencia do pleno, e aprobar a obra e o proxecto; que para intentar meter douscentos mil euros neste ano é necesario que tiren todos para adiante.

(Incorpórase ao salón de sesións a Concelleira Dona Rocio Aurora Bértoa Puente).

Continúa a súa intervención o Sr. Polo Gundín e manifesta que desde o BNG reclaman iso, porque lles parece moito máis positivo, máis transparente e para que todo o mundo se sinta comprometido cos proxectos e as obras que saca o Concello adiante.

Acto seguido pide o uso da palabra a Sra. Secretaria quen, unha vez concedido manifesta que, aos efectos de asesoramento da Corporación dado que no punto segundo da proposta da Alcaldía fáise referencia á aprobación dos proxectos indica que a aprobación dos proxectos equivale ao outorgamento de licenza de obras, polo que de acordo co disposto na lei de ordenación urbanística e de protección do medio rural de Galicia, son perceptivos informes técnicos e xurídicos; di que neste caso advirte da inexistencia de informe xurídico, e que coas limitacións do escaso tempo con que contou para o exame do informe técnico, e tendo en conta que no mesmo fáise referencia á necesidade de autorizacións doutros organismos e administracións públicas, con carácter previo á aprobación do proxecto, deberían constar ditas autorizacións. Continúa dicindo que o informado é sen perxuizo doutras consideracións que poida facer en relación ao proxecto e que lle foi imposible facelas por falta de tempo para o seu exame, xa que acaba de incorporarse de vacacións.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que efectivamente como apunta a Secretaria, incorpórase hoxe das súas vacacións e que en todo caso, desde o goberno municipal e desde a propia concellería de obras, fíxose a consulta coa propia Deputación para averiguar se era preceptivo informe de Secretaría neste caso e se era necesario ese informe para o financiamento das obras que se van levar a cabo, e que a resposta que se lles deu desde a Deputación foi que o que se precisaba era informe técnico, que o hai favorable a estas obras, e un certificado da Secretaría municipal da toma de acordo desta sesión plenaria; que en todo caso, como do que se trata é non de desinformar senón de informar o proxecto o mellor posible, a Secretaría xeral poderá incorporar ao expediente o seu informe que será tomado en consideración tanto polo goberno como, está seguro, polo conxunto do pleno da Corporación municipal. Continúa dicindo que quere facer dúas puntualizacións ao respecto do manifestado polos diferentes voceiros; que os prazos que marca a Deputación moitas veces entran en conflito coa demora e co tempo que os propios expedientes tardan en tramitarse; que aprobar plans nun pleno extraordinario no último día de prazo é algo que cando él estaba na oposición viviu neste concello practicamente con todos e cada un dos plans que se aprobaron, pero que en todo caso non quere dicir que lle guste, xa que non lle gusta e que non lle parece a mellor situación nin a máis desexable, polo que coincide co voceiro do BNG e evidentemente cos demais voceiros de que isto hai que melloralo e que efectivamente a fórmula e o cauce idóneo é ir á comisión informativa, discutilo, debatelo, velo entre todos e aprobar obras que, ao final, como dixeron todos os voceiros, realmente son necesarias para o pobo e para todos os veciños e veciñas; di que desde a responsabilidade que agora teñen de goberno e de dirixir a concellería de obras intentarán, de acordo con tódolos grupos políticos, que iso se mellore e que se faga polos cauces que todos comparten, que é a través da comisión informativa e con antelación suficiente; que é algo que teñen no debe aínda. Continúa dicindo que respecto ás recomendacións que fai o enxeñeiro de camiños no seu informe técnico serán tidas en conta pola Corporación á hora de executar as obras e pola Deputación provincial seguro que tamén á hora de financeira; que en todo caso o informe é favorable; que con respecto á confección dos proxectos, se ben lles gustaría que a oficina técnica poidese elaboralos, co volume de traballo que hai no concello, e do que xa se ten falado en moitas ocasións, non hai tempo material para que se poidan dedicar a ese traballo que leva moito tempo, xa que están dedicados a todo o trámite administrativo municipal e realmente tres persoas non dan para moito máis tecnicamente, polo que se recorre á contratación deste tipo de servizos a empresas especializadas para a redacción destes proxectos. Remata o Sr. Alcalde dicindo que a Aquagest se lle consultou previamente

para a elaboración destes proxectos e que a resposta que deu foi que non garantía a entrega en prazo dos mesmos polo que houbo que recorrer a outra empresa para realizalos.

Rematadas as intervencións, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 29 de setembro de 2008, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 29 de setembro de 2008 anteriormente transcritos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dez horas e vinte e cinco minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Vº e praxe,
O Alcalde-presidente

A secretaria xeral,

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.